


## Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Modelo silvícola PM1

Piñeiro de Oregon *Pseudotsuga menziesii* Mirb. Franco

## Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **tritución de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



### Piñeiro de Oregon

*Pseudotsuga menziesii*  
Mirb. Franco

MODELO SILVÍCOLA PM1

Madeira de serra e chapa

## 1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

## 2 PLANTACIÓN

- **Densidade da plantación:** de 1.100 a 1.600 pés/ha.
- **Marco da plantación:** de 3 a 3,5 m entre liñas.

## 3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras e roza total.
- Ata a tanxencia das copas mantemento mecanizado, se é posible, entre liñas e manual, nas plantas.



### MODELO SILVÍCOLA PM1

**ESPECIE:** *Pseudotsuga menziesii* Mirb. Franco, aplicable a formacións mixtas con frondosas autóctonas e a coníferas de similar temperamento

**OBXECTIVO:** madeira para serra e chapa. 200 pés/ha de calidade en corta final

**DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:** todos os distritos forestais



Máis información do modelo

## 4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:**
  - Primeira poda: ata os 2,5-3 m en todas as árbores cando acaden os 6-8 m de altura. Realce previo opcional a 1 m de altura aos 3 a 5 anos.
  - Segunda poda: ata os 5,5-6 m das 300 mellores árbores, cando alcancen os 12 m de altura.
  - Terceira poda: opcional, chegando aos 8 m se é economicamente viable.
- **Desmestas:** aos 10-15 anos en densidades superiores a 1.500 pés/ha para deixar 900-1.200 pés/ha. Tratamento de restos por trituración ou retirada para aproveitamento.
- **Primeira rarea:** aos 18-22 anos ata deixar uns 700-800 pés/ha.
- **Segunda rarea:** aos 25-30 anos ata deixar uns 450-500 pés/ha.
- **Terceira rarea:** aos 35-40 anos ata deixar uns 300 pés/ha.
- **Cuarta rarea:** opcional, aos 45-50 anos ata deixar 200 pés/ha. Deixar cando menos entre 5-10 anos para realizar a corta de rexeneración.

## 5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** aos 60-80 anos.
- **Método de corta:** corta a feito ou a feito en dous tempos con 25-50 árbores pai por hectárea, durante 5-10 anos.